



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Xosé María Lema Suárez

[Ramón Nicolás](#) 28 de Febreiro de 2014

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2014/02/28/cuestionario-proust-xose-maria-lema/>

1.– Principal trazo do seu carácter?

– Disque a tenacidade.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

– A tolerancia.

3.– Que agarda das súas amizades?

– Lealdade, apoio verdadeiro nas ocasións en que se lles precisa.

4.– A súa principal eiva?

– A impaciencia, quizais. E tamén a indecisión, como volver repasar un cento de veces as respostas a este cuestionario.

5.– A súa ocupación favorita?

– Ler, escribir, viaxar..., e non agocho o meu vezo de ver non poucos partidos de fútbol televisados, ou asistir en directo ós do meu C.D.Baio, un club que non ten reparos en amosar na insignia o que para outros é símbolo do fracaso: un farol vermello.

6.– O seu ideal de felicidade?

– Saúde e traballo para todos, empezando polos meus. Que a lingua galega teña garantida a supervivencia sería outro motivo que me faría feliz.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

– A morte de calquera familiar próximo, sobre todo dun fillo ou dun neto.

8.– Que lle gustaría ser?

– De mozo quería ser futbolista. Agora cantante de orquestra (non é brincadeira).

9.– En que país desexaría vivir?

– Nunha Galicia coa súa lingua dona e señora da propia casa (e coas invitadas que se queiran). Polo que se está vendo, iso só será posible nunha Galicia liberada.

10.– A súa cor favorita?

– Azul celeste entre as suaves; a vermella entre as fortes.

11.– A flor que máis lle gusta?

– A chorima, flor amarela que engalana na primavera as toxeias e as xesteiras, alegrando o monte. Ata o nome é bonito.

12.– O paxaro que prefire?

– O pincaouro, por dicir algún (e para que se busque no dicionario, o Gran Xerais por suposto), pois eu, malia nacer na aldea, non era moi amigo de andar ós niños.

13.– A súa devoción na prosa?

– Non son devoto ó completo de ningún autor ou autora, senón dalgunha das súas obras

concretas (na resposta á preg. 15 cito algúns títulos).

14.– E na poesía?

– Aínda non sendo bo lector de poesía, atraénme a dos poetas do mar, en especial os do mar inqueda da Costa da Morte (cos seus tombos, rutías, cabezos, furnas, faros...), desde López Abente e Zapata a outros/as máis actuais (que cito nas derradeiras páxinas da novela *Costa do Solpor*, pois tomei cousas deles).

15.– Un libro?

– *Sempre en Galiza* (Castelao) e *Memorias dun neno labrego* (Neira Vilas) marcáronme de mozo. Como as novelas que máis me atraen son as de ficción histórica e de aventuras: *A illa do tesouro*, *O nome da rosa*, *Os piores da Terra*...

16.– Un heroe de ficción?

– William de Barkerville (o monxe sabuxo d'O nome da rosa), Jack Shareburg (d'Os piores da Terra) e tamén, madia leva, o meu Chavián do Vao, de Costa do Solpor.

17.– Unha heroína?

– Mariña de Lobeira, a valente moza fidalga desta mesma novela, que renuncia á gloria individual a prol da vitoria colectiva.

18.– A súa música favorita?

– Variada, empezando polos pop dos setenta. Cancións clásicas en idiomas diversos, que ás veces mesmo me atrevo a cantar cos amigos. Predilección por certos cantantes (J. Brel, Aute, Serrat, Sabina, Sinatra, Miro e Mero, Uxía, un novo valor coma Xiana Lastra...) e pola música brasileira e irlandesa (dúas baladas fermosas: Carrickfergus, The fields of Athenry), ademais da galega, claro (unha canción nosa: Quen puidera namorala). Para o canto coral, as óperas de Verdi.

19.– Na pintura?

– A impresionista e postimpresionista da Francia de finais do séc. XIX, pola súa luminosidade e vivo cromatismo.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

– Todos os perseguidos por razón do seu pensamento, relixión, raza, lingua, sexo, orientación sexual... Tamén entran no meu Olimpo heroico os docentes que seguen dando en galego as matemáticas e outras materias científicas. E esas mociñas do Bierzo que nun video de youtube defenden Galicia e o galego. E os falantes do valego de Estremadura... Por sorte, aínda temos xente con moita autoestima, mal que lles pese a algúns.

21.– O seu nome favorito?

– Mariña, Sabela, Irímia, Iria, Uxía, Antía, Andrea, Xiana, Xela, Mencía, Minia..., para mulleres; Denís, Alexandre, (H)adrián, Xoán, Xián, Breogán, Breixo, Roi, Uxío, Iago..., para homes. Na onomástica galega hai onde escoller.

22.– Que hábito alleo non soporta?

– A mentira, a hipocrisía (nos políticos, sobre todo).

23 – O que máis odia?

– A intolerancia.

24.– A figura histórica que máis despreza?

– A calquera ditador, e os gobernos que en democracia utilizan a súa maioría para impoñer ditaduras veladas.

25.– Un feito militar que admire?

– As revoltas irmandiñas do séc. XV: por unha vez o asoballado pobo galego atreveuse a tomar a xustiza pola man contra os poderosos, que chamaron ós pés compañeiros.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

– Un poder especial para facer de verdade unha xustiza igualitaria (ou que é o mesmo: poder

desfacer a INxustiza gallardoniana).

27. – De que maneira lle gustaría morrer?

-Como non nos queda outra... que sexa máis ben tarde ca cedo, e que polo menos sexa sen dor.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

– Pesimista esperanzado. Se baixas os brazos devóranse os intolerantes: para amolalos hai que resistir. Aínda que vaia de derrota en derrota, sempre agardo a vitoria final.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

– A ira incontrolable ante a opresión, a inxustiza, a mentira, a hipocrísia... dos poderosos.

30.– Un lema na súa vida?

– Non facer mal a ninguén, deixar un bo recordo na vida e poñer o meu gran de area na tarefa colectiva de que o idioma galego perviva outras mil primaveras máis. Non comprendo como hai gobernantes que se empeñan xustamente no contrario. As historia os xulgará; estou seguro.